

# **Recadávivas Compilations**



# Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 3<sup>1</sup>

## *Phraseology and Paroemiology from Sebil, 3*

M. <sup>a</sup> Victoria Cerviño Ferrín  
Escola Oficial de Idiomas. Pontevedra

Resumo: Recadádiva de material fraseolóxico feita no ano 1983 por Manuel Escariz Asorey e nos anos 2014 e 2015 pola autora en Sebil, aldea do concello de Cuntis (Pontevedra).

Palabras clave: fraseoloxía galega, traballo de campo.

*Abstract: Edition of phraseological material compiled in 1983 by Manuel Escariz Asorey and in 2014 and 2015 by the author in Sebil, located in Cuntis (Pontevedra).*

*Keywords: Galician phraseology, fieldwork.*

## 1. Introducción

### 1.1. Localización e contido desta recadádiva

Este traballo completa as dúas achegas de expresións presentadas nos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14 e 15. Coma as anteriores, son expresións recollidas en Sebil, unha aldea da parroquia de Cequeril, no concello de Cuntis, da que son nativa.

Neste caso, unha boa parte delas foron recollidas por Manuel Escariz Asorey (Sebil, 14/07/1932-15/01/2003) no ano 1983, que daquela traballaba como mestre no CEIP Antonio Palacios, en Torneiros (O Porriño), e continúan usándose na actualidade.

Completo a recadádiva con outras unidades que recollín eu ao longo dos anos 2014 e 2015 e que, polo tanto, non puideron ser incluídas nas achegas anteriores<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 15.09.2015. Data de aceptación: 17.11.2015.

<sup>2</sup> Ademais das observacións dos correctores anónimos, quero agradecer a axuda que me prestaron miña nai, Xosefa Ferrín González, e miña irmá, Elena Cerviño Ferrín, na explicación de moitas expresións e tamén o apoio da familia de Manuel Escariz Asorey.

Todas estas unidades son coñecidas e usadas por min mesma ou na miña familia e veciñanza, aínda que unha parte delas eran de uso máis habitual nas décadas pasadas. En calquera caso, é fraseoloxía e paremioloxía viva no ano 2015.

Algunhas das frases recollidas por Manuel Escariz xa foran presentadas nos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14 ou 15, nalgúns casos con lixeiras variantes (*Na carballeira / no camiño de Santa Xusta unha xente á outra busca*). Nestes casos, inclúo de novo a unidade e fago referencia ao número correspondente da revista e ao número de orde que ocupa na listaxe para ver a súa definición (CFG14, 209).

En moitos casos, trátase de ditos comúns que aparecen noutras partes do territorio, ás veces con variantes que se adaptan aos distintos costumes e formas de vida ou ás particularidades dialectais. Noutros casos, trátase de unidades moi coñecidas que non presentan ningunha particularidade con respecto ao resto do territorio, pero paréceme necesario incluílas tamén aquí porque isto nos axuda a coñecermos mellor a súa localización e frecuencia de uso e, neste caso, tamén para respectar o traballo de recolleita feito por Manuel Escariz no ano 1983. É certo que algunha das fórmulas recollidas por el non son hoxe moi habituais (*andar de gatas*), pero paréceme interesante mantelas para vermos a evolución do seu uso; e outras, que actualmente resultan moi frecuentes e comúns, non tiñan un uso tan estendido e normalizado naquela data (*entre lusco e fusco*).

Moitos dos exemplos seleccionados por Manuel Escariz para ilustrar as locucións pertencen á tradición oral de Sebil, posto que proceden das historias narradas por Xan do Rei, un personaxe real da aldea que gustaba de contar relatos inverosímiles e esaxerados dos que el era protagonista ou testemuña directa, e permanecen vivos na memoria da aldea.

Entre as súas fazañas, moitas delas relacionadas coa caza, xa que el era cazador, están a de virar un lobo co de dentro para fóra meténdolle a man pola boca e colléndolle o rabo dende o interior; darlle unha patada a un veciño, de xeito que este pasou por encima dunha casa e foi caer a unhas leiras próximas, dende onde emitiu un xemido que Xan escoitou dende o sitio onde lle dera a patada; ou saír de caza ao monte un día de festa que non tiñan nada para xantar e encargarlle á familia que o fose buscar co carro ao cabo de dúas horas e volver co carro cargado de coellos. Tamén foi testemuña dunha chea moi grande na que viu como o río arrastraba primeiro unha muller que estaba no muíño e ía co fol na cabeza e a vasoira na man e detrás pasou un carreteiro cos bois ao carro...

Tal foi o mérito deste personaxe, que deu lugar á creación da locución *Ser coma Xan do Rei*, unha fórmula local de uso moi habitual na aldea, que inclúo tamén nesta achega.

En relación con isto, unha pequena parte das expresións aquí presentadas pertencen ao ámbito da caza. E recollo tamén unha da xerga dos canteiros, que non é de uso habitual fóra deste ámbito, pero que pon de manifesto a longa tradición deste oficio na aldea.

Por último, engado tamén unha serie de expresións recollidas por Manuel, que fan referencia ao estado de debilidade xeral que lles afecta xeralmente aos nenos e que se achaca popularmente ao mal de ollo ou ao contacto con defuntos, moribundos ou

animais e que se coñece como “aire” e aos remedios para librarse del, xa que penso que describen moi ben este fenómeno.

A ordenación das unidades fraseolóxicas é alfabética e con cada unha realicei, en primeiro lugar, unha indicación básica da súa tipoloxía, seguida dunha explicación breve do seu significado e, por último, unha exemplificación, en cursiva, do uso da expresión que figura como entrada.

## 1.2. Características lingüísticas desta recadádiva

O galego que se fala en Sebil sitúase no bloque occidental. Dentro del podemos destacar os seguintes trazos:

Existencia de gheada: *ghusto, ghloria*.

Seseo implosivo: *capás, rapás*.

Formas dos demostrativos neutros con e- (*esto, eso, aquilo*).

Terminación *-an* para as formas de masculino e feminino: *gran, irmán*.

Plural en *-es* para as palabras rematadas en *-l*: *ladrales*.

En canto á morfoloxía verbal, destacan as formas en *-eu* para a segunda e a terceira conxugación: *pideu, sirveu, pareu* a forma *vindes* ou o uso do verbo *caír*:

E, como particularidades dialectais de carácter léxico, son características desta zona as formas *avergonzarse, agua* ou *melro*.

Nesta recolla, cando a expresión non coincide co galego estándar, adáptoa á forma normativa e indico ao final a variante local. Fago o mesmo coas interferencias.

## 2. Recadádiva

### Abreviaturas e símbolos:

*CFG*: *Cadernos de Fraseoloxía Galega*

*fórm.*: fórmula

*IRÓN.*: irónico

*l.adv.*: locución adverbial

*l.adx.*: locución adxectiva

*l.s.*: locución substantiva

*l.v.*: locución verbal

*ref.*: refrán

*xerg.*: xerga

*#*: forma como foi oída a expresión

## 1. Locucións

1. **coma o pau do galiñeiro:** *l.adx.* Véxase *Ter máis merda que o pau dun galiñeiro*. “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 110).
2. **unha froia:** *l.adx.* Ser alguén moi comellón. Aplícase ás persoas e aos animais. *Mira que es froia, acabas de almorzar e xa estás outra vez comendo*.
3. **ben a gusto:** *l.adv.* Como mínimo, folgadoamente. *Non tería os cinco [metros o rabo do raposo], porque eu alí o metro non o tiña, pero dous debían ser ben a gusto*.
4. **cada morte de Papa:** *l.adv.* Ocasionalmente. *Podes cruzar tranquila, pois por esta estrada pasa un coche unha vez cada morte de Papa*.
5. **coa orella detrás da porta:** *l.adv.* Con interese indiscreto polas conversas alleas. *Fala baixo, que estes están sempre coa orella detrás da porta*.
6. **coma un cura:** *l.adv.* Moi ben. Utilízase con verbos coma “comer” “papar”, “cear” ou “xantar”. *Ceguei á casa, preparou a paisana un coello, e comemos coma curas*.
7. **coma (se fose) un feixe de palla:** *l.adv.* Moi rápido. Utilízase co verbo “arder”. *Ao xuntárense as dúas [pedras] dentro, pegaron un chispazo tan forte que comezou a arder coma se fose un feixe de palla*.
8. **coma un raio:** *l.adv.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 144).
9. **é(che) capaz de (+ inf.):** *l.adv.* Posiblemente. *Cando chegaba ao portelo do Esqueiro comezáronse a poñer os pelos dereitos e dixeran para min: éche capaz de estar por aí o lobo*.
10. **en van:** *l.adv.* Inutilmente, sen nada. *A persoa que metía o neno na artesa debía chamarse María e mentres levantaba e cerraba a tapa dicía as seguintes palabras: se es de gato, vaite ao rato; se es de rato, vaite ao burato; se es de can, vaite en van e, se es de cadela, vaite a ela*.
11. **entre lusco e fusco:** *l.adv.* Entre a noite e o día. *Viña o outro día coas vacas para a casa entre lusco e fusco e, alí na Querguiza, vin un raposo*.
12. **feito unha chispa:** *l.adv.* Moi rápido. *Voume un pouco máis para diante e... unha lebre coma un cabrito subía por unhas laxes arriba feita unha chispa*.
13. **meu dito, meu feito:** *l.adv.* Efectivamente. *Dixeran para min: éche capaz de estar por aí o lobo. Meu dito, meu feito, púxenme a subir o portelo e, mentres eu subía por un lado, o condenado subía polo outro*.
14. **nin pouco nin moito:** *l.adv.* Nada. *Chegamos á casa ao mediodía para xantar, pero non había moito a que botarlle man, tan só unhas codelas de pan reseso e algunhas patacas, pero a min iso non me enchía o ollo nin pouco nin moito*.
15. **coma dous luceiros:** *l.adx.* Cos ollos moi brillantes. *Ao chegar á Ponte do Ramo, na mesma ponte, vexo vir cara a min dúas luces redondas e brillantes coma dous luceiros: era o lobo*.
16. **de par en par:** *l.adx.* Completamente aberto. *Cando me levanto xa vexo o lobo cunha boca aberta cara a min, tan grande que parecía unha porta de par en par*.
17. **aire dos nenos:** *l.s.* Enfermidade que lles afecta aos nenos. Tamén chamado “enganido”. *Como os nenos estaban mal coidados, sucios, sen mudar a roupa coa frecuencia debida, era fácil*

- que collesen infeccións e moitas outras enfermidades. Hai distintas opinións sobre o que é o aire dos nenos e algunhas persoas chámanlle meigallo.*
18. **unha das túas / súas:** *l.s.* Un feito ou un dito característico ou peculiar dunha persoa. *Vin un raposo que tiña un rabo tan grande, que medía polo menos 10 metros. –Vaia, Xan, vaia, non sería tanto. – Tanto non sería, pero polo menos cinco tiñaos ben. – Nin dez, nin cinco, iso é unha das túas.*
19. **andar ás herbas longas:** *l.v.* Perder algunha oportunidade por andar buscando unha mellor opción. *Foi un mes ás Canarias porque seica se gañaba moito e perdeu o posto na empresa onde estaba. Por andar ás herbas longas, agora está no paro.*
20. **andar de gatas:** *l.v.* Gatear. *Os nenos estaban moi mal coidados, andaban sucios...andaban de gatas por chans pouco limpos.*
21. **andarlle [a alguén] coa roupa das festas:** *l.v.* Darlle unha tunda a alguén, en sentido real ou figurado. *Como te sigas portando mal, cando veña teu pai, vaiche andar coa roupa das festas.*
22. **arrearlle unha [a alguén]:** *l.v.* Darlle un golpe. *Dun brinco, púxenme ao seu lado e despois de chamarlle catro cousas, senteille o cu na presa e logo arreeille unha que o chimpei por encima do valo.*
23. **bebelas ben:** *l.v.* Ter capacidade para soportar algunha situación desagradable. *A persoa que chamou por teléfono díxolle de todo, pero ela bébeas ben.*
24. **botar terra por enriba do lombo:** *l.v.* Alardear. *Non botes terra por enriba do lombo que aínda non saíron todas as notas e ao mellor a praza aínda non é para ti.*
25. **cagar para fóra:** *l.v. xerg.* Estar desnivelada unha pedra e colocarlle ese desnivel cara ao lado exterior. *Úsase na xerga dos canteiros. Esa pedra nunca che vai asentarse ben, porque a que puxeche debaixo caga para fóra.*
26. **cantar coma un merlo novo:** *l.v.* Falar de forma irreflexiva e insensata. *Non fagas caso ningún do que di, que este canta coma un merlo novo.*
27. **chamarlle catro cousas [a alguén]:** *l.v.* Insultar. *Dun brinco, púxenme ao seu lado e, despois de chamarlle catro cousas, senteille o cu na presa e logo arreeille unha que o chimpei por encima do valo.*
28. **dar as risas para as choras:** *l.v.* Véxase *Aforrar das risas para as choras.* “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15,13).
29. **dar gloria:** *l.v.* Producir unha gran satisfacción. *Funme botar a auga á Leiriña a noite pasada, que, aínda que non está ben que o diga eu, teño aquela veiga que dá gloria vela.*
30. **dicirlle catro cousas [a alguén]:** *l.v.* Poñerlle as cousas claras. *Non quere darme os días de vacacións que me pertencen, pero hoxe vou ir ao seu despacho para dicirlle catro cousas.*
31. **enganchar nunha silva:** *l.v.* Entreterse a falar con alguén. *Aínda teño o xantar sen facer porque enganchei nunha silva cando viña para a casa.*
32. **estar coa historia de sempre:** *l.v.* Repetir algunha acción ou dito molesto. *Volveu aparcar ocupando as dúas prazas. Xa estamos coa historia de sempre.*
33. **facerlle algunha graza [a unha comida]:** *l.v.* Enriquecer, darlle gusto a unha comida. *Dixenlle á miña dona: Xoana, pela unhas poucas patacas e*

- pon a pota ao lume mentres vou ata alí arriba ao monte a ver se mato un coello para facerlle algunha graza a esas patacas. # gracia*
34. **facerlle os evanxeos [a un neno]:** *l.v.* Quitarlle o aire. *A cerimonia de facer os evanxeos consiste en facer lume con ramas de oliveira, lavanda, herba luísa..., que, ao estaren verdes, fan moito fume. O señor colle nos brazos o neno encima do fume mentres reza non sei que oracións ou invocacións, que seguramente el mesmo compón. Acabada a cerimonia, lávase o neno e pónselle outra roupa lavada. Se lle saíu o aire, xa debe durmir ben esa noite.*
35. **ir buscar o pan ao niño do can:** *l.v.* Pedirlle algo a alguén cando se ten a certeza de que non nolo vai poder dar ou prestar, ben porque non o ten ou por algunha outra razón. *Seica lle vai pedir os cartos á avoa, pero a min paréceme que vai buscar o pan ao niño do can.*
36. **ir en / para Angrois:** *l.v.* Quedar sen algo, perder algunha cousa. *Non busques máis o reloxo, que ese vai en Angrois. O feito de que se use esta expresión en Sebil seguramente se deba á opacidade semántica e ao feito de localizar Angrois nun lugar moi afastado, do cal é difícil que volva algunha cousa.*
37. **lamber a becerra [a alguén]:** *l.v.* Estar moi aseada unha persoa. *Vés toda peiteada, parece que te lambeu a becerra.*
38. **mexarlle un can diante [a alguén]:** *l.v.* Véxase *Estar mexado dos cans*. “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 47).
39. **non caber na roupa:** *l.v.* Estar unha persoa moi contenta. *Sacou o carné á primeira e está que non cabe na roupa.*
40. **non caber o pan no corpo [a alguén]:** *l.v.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 65).
41. **non caerlle a pa do rabo [a alguén]:** *l.v.* Non supoñer un grande esforzo. *Pois aínda que me axudes a subir as cousas ao faiado non creo que che caia a pa do rabo. # caírlle*
42. **non encherlle o ollo [algo a alguén]:** *l.v.* Non gustar, non agradar algunha cousa. *Chegamos á casa ao mediodía para xantar, pero non había moito a que botarlle man, tan só unhas codelas de pan reseso e algunhas patacas, pero a min iso non me enchía o ollo, nin pouco nin moito.*
43. **non haber a que botarlle man:** *l.v.* Non haber nada. *Chegamos á casa ao mediodía para xantar, pero non había moito a que botarlle man, tan só unhas codelas de pan reseso e algunhas patacas, pero a min iso non me enchía o ollo, nin pouco nin moito.*
44. **non lle ir nunca o dedo ao cu [a alguén]:** *l.v.* Non estar nunca conforme. *Na reunión estivemos todos de acordo non sendo ela, que non lle vai nunca o dedo ao cu.*
45. **non saber de que vai a cousa:** *l.v.* Ser unha persoa inocente, sen malicia. *A el mellor non lle preguntas, que non sabe de que vai a cousa.*
46. **pasar o sol pola porta:** *l.v.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 80)
47. **pedirlle acordo ao coñecemento:** *l.v.* Reflexionar antes de actuar. *Hai que pedirlle acordo ao coñecemento, non se pode poñer un a arranxar o enchufe sen baixar antes o limitador. # conocimiento*
48. **pillalas no aire:** *l.v.* Ser perspicaz. *Funlle devolver os cartos, pois as*



- súas indirectas pilleinas no aire e ben a entendín.*
49. **pingar antes de asar:** *l.v.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 85).
50. **poñer a escopeta á cara:** *l.v.* xerg. Apuntar coa escopeta. Úsase no ámbito da caza. *O can pegou un brinco e saíu un coello coma un raio. Poño a escopeta á cara e...punnn, coello ao cinto.*
51. **poñerse coma unha víbora:** *l.v.* Anoxarse moito, enfurecerse. *Púxose coma unha víbora cara a min.*
52. **poñérselle os pelos dereitos / de punta [a alguén]:** *l.v.* Ter medo. *Cando chegaba ao portelo do Esqueiro comezáronseme a poñer os pelos dereitos e dixen para min: éche capaz de estar por aí o lobo.*
53. **quedar [alguén] coma se lle desen unha patada nos dentes:** *l.v.* Levar unha decepción. *Cando souben que tamén estaba alí o meu afillado, quedei coma se me desen unha patada nos dentes, porque non levaba nada para el.*
54. **quedarlle a cabeza descansada [a alguén]:** *l.v.* Dicer ou facer algo con pouco sentido ou lóxica. *Non sei de quen foi a idea de facer aí unha ponte de madeira, pero quedoulle a cabeza descansada.*
55. **quitar o aire:** *l.v.* Curar un neno enfermo. *Outro procedemento para quitar o aire é facerlle os evanxeos ao neno. Para iso acódesse a un especialista.*
56. **saírlle o aire (a un neno):** *l.v.* Recuperar a saúde. *Se o neno durmía ben, cousa moi frecuente despois do susto e de poñelo limpo, xa lle saíra o aire.*
57. **ser coma a carabina de Ambrosio:** *l.v.* Ser pouco de fiar unha persoa. *Non fagas moito caso do que che di, que é coma a carabina de Ambrosio.*
- Ser algún obxecto ou persoa inútil para o que se precisa. *Non fai nada ao dereito, é máis inútil que a carabina de Ambrosio.*
58. **ser coma o porco de Santo Antón:** *l.v.* Ver “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 18).
59. **ser coma Rochil:** *l.v.* Ser moi rico. *Agora seica mercaron un piso na costa para ir pasar o verán. Non sei de onde sacan os cartos, son coma Rochil.* Deformación do nome da familia de banqueiros Rothschild.
60. **ser coma un arado de pau:** *l.v.* Ver “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 101).
61. **ser coma Xan do Rei:** *l.v.* Contar algunha mentira ou esaxeración. *Non se lle pode facer ningún caso, é coma Xan do Rei.*
62. **ser cuspidado [alguén] / ser cuspidado [a alguén]:** *l.v.* Ser parecido. *É o pai cuspidado / É cuspidado ao pai.*
63. **ser de rapar e peitear:** *l.v.* Ser unha mala persoa; non ser de fiar. *Eu a ese xa non lle conto nada, que é de rapar e peitear.* #peinar
64. **ser dos que o rei mandou chamar:** *l.v.* Ser unha persoa de malos costumes. *Miña nai non me deixa ir con el á festa, porque di que é dos que o rei mandou chamar.*
65. **ser mal traxada [unha persoa]:** *l.v.* Andar coa roupa sucia. *É un mal traxado, só muda a roupa cando vai ao médico.* # atraxado
66. **ser un sangamoina / moina:** *l.v.* Ser unha persoa hipócrita. *Non che é o que parece, é un sangamoina.*
67. **ser xente do aire:** *l.v.* Ser xente informal. *Non sei para que quedamos*

*a ningunha hora, se total han chegar cando lles dea a gana. Esta é xente do aire, non se pode contar con ela.*

68. **traer ao caso:** *l.v.* Mencionar algo intencionadamente nunha conversa. *Nunca se lembra de devolverme o libro que lle prestei. Mañá, se falo con ela, heillo de traer ao caso.*
69. **ter a cueira detrás da porta:** *l.v.* Ser unha persoa moi nova para facer algunha cousa. – *Mamá, eu quero ir á festa.* – *Cala, rapaz, que aínda tes a cueira detrás da porta.*
70. **ter o aire:** *l.v.* Estar débil e enferma unha persoa, especialmente os nenos. *Cando os nenos tiñan o aire, o día que se cocía o pan, metíase o meniño espido na artesa.*
71. **ter o formigo:** *l.v.* Estar inquieta unha persoa. *Este neno non para, parece que ten o formigo.*
72. **tiralas coma barro ás paredes:**

*l.v.* Ser unha persoa franca. *A min gústame moito escoitalo porque as tira coma barro ás paredes e déixate pensando.*

73. **ver a compañía:** *l.v.* Estar desamañada unha persoa. *E ti de onde vés así? Parece que viches a compañía.*
74. **ver o lobo:** *l.v.* Ver “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15,122).
75. **ver tanto cos ollos abertos coma con eles cerrados:** *l.v.* Estar moi escuro. *Viña a outra noite de Cequeril, da casa do señor cura, e tanto se vía cos ollos abertos coma con eles cerrados.*
76. **vir con parvadas:** *l.v.* Dicar cousas de pouco valor ou importancia para quen as escoita. – *Non tería os cinco [metros o rabo do raposo], porque eu alí o metro non o tiña, pero dous debían ser ben a gusto.* – *Nin dez, nin cinco, nin dous, non me veñas con parvadas.*

## 2. Fórmulas

77. **(nome de animal) + ao cinto:** *fórm. xerg.* Emprégase no ámbito da caza, para indicar que se cazou algún animal. *O can pegou un brinco e saíu un coello como un raio. Poño a escopeta á cara e...punn, coello ao cinto.*
78. **Andan os ladróns tras dos que rouban:** *fórm.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 160).
79. **Anque non está ben que o diga eu:** *fórm.* Expresión para indicar modestia. *Funme botar a auga á Leiriña a noite pasada, que, anque non está ben o diga eu, teño aquela veiga que dá gloria vela.*
80. **De burro morto, cebada ao rabo:** *fórm.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 155).
81. **Deus che dea un home que non che caiba na cama / grande coma unha**

**viga:** *fórm. IRÓN.* Fórmula para expresarlle agradecemento a unha muller. *Moitas grazas pola túa axuda, Deus che dea un home que non che caiba na cama. #Dios*

82. **Escapa / Aparta, lixo, que aí vai morriñada:** *fórm.* Úsase como resposta a alguén que menospreza outra persoa, cando se considera que esta ten as mesmas calidades. – *Boh! Sae de aí, xa o fago eu, que ti non entendes de mecánica.* – *Ahá! Aparta lixo que aí vai morriñada.*
83. **Ir o muiño atrás do gran:** *fórm.* Emprégase para expresar que un feito é pouco habitual. Tamén se usa en forma negativa para indicar que é necesario poñer os medios para conseguir as cousas. *Pois, se queres aprobar, terás*

- que estudar un pouco, que o muiño non vai atrás do gran.*
84. **Mal de costas e peor de barriga:** *fórm.* Úsase cando se está nunha situación complicada e da que é difícil saír con calquera decisión que se tome. *Non sei que facer porque, se lle digo a verdade, vaíse enfadar e, se non llo digo, vai seguir facendo o parvo; así que, mal de costas e peor de barriga.*
85. **Non nacer tan apurado/a [alguén]:** *fórm.* Expresión que se usa para acalmar a alguén. Díse cando alguén ten apuro por facer algo e intenta meterlles prisa aos demais. *Xa imos agora, espera un pouco, que non naciches tan apurado.*
86. **O demo que lle / che / vos ate a cabeza:** *fórm.* Expresión que manifesta sorpresa ou repulsa por algo que non se entende, ou para o que non se ve xustificación. *Pero vós como metestes a pintura no conxelador? Ai, o demo que vos ate a cabeza!*
87. **O peor é o máis malo:** *fórm.* Úsase para expresar a existencia dalgunha dificultade, xeralmente coñecida polo interlocutor, para levar a cabo unha acción. *Esta era boa ocasión para ir a Suíza visitar a miña irmá, pero o peor é o máis malo.* (o prezo da viaxe).
88. **O medo garda as uvas / a viña:** *fórm.* Expresión para indicar que é bo ter precaución. *Non participou na protesta por se acaso o vía o xefe, é que o medo garda a viña.*
89. **O meu can pillou unha mosca. (Cando pillará outra!)** *fórm.* Véxase *O meu can pillou unha mosca (e se a pillou comeuna)*. “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 202).
90. **Para quen non quere nada teño eu bastante:** *fórm.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2” (CFG15, 210).
91. **Pedidos de burro non chegan ao ceo:** *fórm.* Expresión para indicar que os malos desexos non se cumpren, ou que non se lle debe dar importancia ao que alguén di. *Pois se pensa que es unha enchufada e que non merecías o posto, peor para el. Ti non fagas caso ningún do que di, que pedidos de burro non chegan ao ceo.*
92. **Pouco mal e ben xemido:** *fórm.* Díselo a quen se queixa con moita frecuencia e sen motivo. *Non fai máis que queixarse, pero non fai nada por mellorar. Ese o que ten é pouco mal e ben xemido.*
93. **Predicar non é dar trigo:** *fórm.* Úsase cando alguén dá consellos, pero non axuda a levarlos á práctica ou cando di unha cousa, pero actúa doutra maneira. *Dixo que había maneiras de evitar os incendios, pero, agora que goberna el, segue ardendo coma antes, é que predicar non é dar trigo.*
94. **Quen non me pariu, miña nai non é:** *fórm.* Úsase para indicar que non se confía nas supostas boas intencións ou consellos dunha persoa que aparentemente quere axudar, ou cando unha persoa non admite a autoridade doutra para darlle ordes ou consellos. *E quen é el para darme consellos!? Eu xa farei o que me pareza; quen non me pariu, miña nai non é.* # pareu
95. **Quen falou xa non está aquí:** *fórm.* Dío unha persoa para retractarse de algo que acaba de dicir e que non é ben acollido. *-Pois eu, sendo ti, iría a esa viaxe, non sei porque non vas. -Polo que non vou sabereino eu! -Nada, nada, desculpa, quen falou xa non está aquí.*

96. **Quen ten rabo non senta:** *fórm.* Expresión que se usa para indicar que non se pode un descoidar, que hai que manter a atención. *Na noite de San Xoán quita el mesmo a cancela para que non lla leven os rapaces. Quen ten rabo non senta.* # non se senta
97. **Santos á forza, non se fan:** *fórm.* Non se pode obrigar a alguén a facer algo contra a súa vontade. *Pois, se non quere ir á Universidade, déixao; santos á forza, non se fan.*
98. **Santo que estás no canizo, bota castañas abaixo:** *fórm.* Pídeselle a quen ten máis que compartira cos que menos teñen. *Pois eu vexo ben que a xente dos países pobres veña para aquí, como antes fomos nós. Santo que estás no canizo, bota castañas abaixo.*
99. **Tanto non sería / sería:** *fórm.* Expresión que se usa cando alguén di unha esaxeración, coa intención de atenuala. *Vin un raposo que tiña un rabo tan grande, que medía polo menos 10 metros. –Vaia, Xan, vaia, non sería tanto. – Tanto non sería, pero polo menos cinco tiñaos ben.*
100. **Xa non chove como chovía:** *fórm.* Úsase para indicar que alguén que se atopaba nunha situación favorable deixa de o estar ao mudar determinadas circunstancias que o favorecían. *Cando estaban os seus no concello traballaba todo o ano, pero agora cambiou a cousa, xa non chove como chovía.*
101. **Xesús, María e Xosé! Canto máis vai, peor é:** *fórm.* Expresión de sorpresa ou asombro cando alguén di ou fai algo esaxerado, sen sentido ou pouco habitual. Xeralmente acompáñase facendo o sinal da cruz. *–Pediulle á familia que o fose buscar co carro e que levasen os ladrais para traer os*

*coellos para xantar. – Xesús, María e Xosé! Canto máis vai, peor é.*

### 3. Refrás

102. **A brétema en San Xoán tolle o viño e non dá pan:** *ref.* A néboa no mes de xuño é prexudicial para o desenvolvemento das uvas e do gran. *Este non vai ser ano de viño, a brétema en San Xoán tolle o viño e non dá pan.*
103. **Arde a casa? Quentarse aos cangos:** *ref.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 199).
104. **Besta vella, paso novo...:** *ref.* Véxase “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 201).
105. **Cada cousa no seu tempo e os nabos en Advento:** *ref.* Úsase para expresar que sempre hai un momento apropiado para algo e convén ter paciencia e agardar ese momento, ou aproveitalo antes de que pase. *Cando era nova non quixo ter fillos e agora anda cun tratamento a ver se aínda pode telos, pero cada cousa no seu tempo e os nabos en Advento.* # Adviento
106. **Coas bragas enxoiadas non se pillan as troitas:** *ref.* Para conseguir o que se quere, hai que esforzarse. *Non pensarás que che van traer o traballo á casa? Pois anda, que coas bragas enxoiadas non se pillan as troitas.*
107. **Con bicos e apertas non se fan os meniños, pero cos bicos son os principios:** *ref.* Expresión para indicar que é necesario poñer os medios, se se quere conseguir algo. *Se non probas, nunca vas saber se o dás feito. Con bicos e apertas non se fan os meniños, pero cos bicos son os principios.*
108. **Desde que o burro vai no po: xo, burro, xo:** *ref.* Dise cando xa é tarde para avisar de algo, cando un aviso ou consello chega tarde. *Si, agora*

- sabiádelo todos, pero antes ninguén me avisou. Desde que o burro vai no po: xo, burro, xo.*
109. **Desde que o sol se pon, pouco día queda:** *ref.* Úsase para indicar que xa queda pouco tempo para facer algunha cousa, especialmente tendo en conta a idade das persoas. *-Pero se non aprendiches antes, aínda podes facelo agora. -Agora tenche mala traza, desde que o sol se pon, pouco día queda.*
110. **Deus dão na eira e María tólleo na maseira:** *ref.* De pouco serve ter algo moi bo, de moi boa calidade, se non se sabe aproveitar ben. *Coas boas paredes que ten a casa e quérelas recebar! Deus dão na eira e María tólleo na maseira #Dios*
111. **Entre o fento e a folla, veña o demo e escolla** *ref.* Resalta a dificultade de elixir entre dúas opcións de escaso valor. *Deume a elixir entre os dous horarios, pero a verdade é que... entre o fento e a folla, veña o demo e escolla.* Tanto o fento coma a folla son elementos pouco apreciados á hora de facer esterco.
112. **Fun á casa allea e avergonceime e vin á miña e remedieime:** *ref.* Úsase cando se lle pide axuda a alguén que non a presta e acaba arranxándose un ben sen esa axuda. *Xa tiña a masa feita para a empanada, pero as cebolas non me valeron e a veciña tampouco mas puido prestar, que lle facían falta a ela. Así que, ao final, fixen unha pizza ben rica. Mira ti, fun á casa allea e avergonceime e vin á miña e remedieime.*
113. **Na carballeira de Santa Xusta unha xente á outra busca:** *ref.* Véxase *No camiño de Santa Xusta unha xente á outra busca*. “Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1” (CFG14, 209).
114. **Non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu:** *ref.* Quen coñece a dureza dalgunha situación pola que pasou adoita mostrarse máis esixente e altivo coas persoas que están na mesma situación. *-Parece mentira, seus tíos sempre o acolleron coma un fillo e agora que lles embargan a casa non é capaz de mirar por eles. -Sempre foi así, xa sabes: non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu. # pideu, sirveu*
115. **O demo, para facelas, cobre unha manta e, para descubrilas, toca unha gaita:** *ref.* As malas accións fanse ocultamente, pero descóbrense moi doadamente. *Ti asesórate ben antes de facer a declaración, que xa sabes que o demo, para facelas, cobre unha manta e, para descubrilas, toca unha gaita.*
116. **O que do seu fai alleo, colla un corno e métao no seo:** *ref.* Cando alguén presta algo, especialmente diñeiro, é pouco probable que o recupere; polo tanto, é mellor que ocupe o seu lugar con outra cousa. *-Presteille a cafeteira o día da festa e aínda non ma devolveu. -Eu iría comprando outra. O que do seu fai alleo, colla un corno e métao no seo.*
117. **O que fai o fillo na muller allea, perde o fillo e mais a feitura:** *ref.* Refírese ao pouco proveito que se saca de traballar para outra persoa. *Gastaron unha chea de cartos na casa dos sogros e agora velle unha irmá para a casa e eles teñen que marchar. O que fai o fillo na muller allea, perde o fillo e mais a feitura.*
118. **O que o seu cu pon a consellos, uns dinlle que é branco e outros dinlle que é negro:** *ref.* Cada persoa debe tomar as súas propias decisións. *-Pois aínda non sei como vou facer, porque*

- no traballo dinme que me compensa alugar un piso e meus pais pensan que é mellor que viaxe todos os días. -Normal, o que o seu cu pon a consellos, uns dinlle que é branco e outros dinlle que é negro. # blanco*
119. **O que queira mel, polo San Miguel; e o que queira abellas, polas candeas:** *ref.* O San Miguel é a mellor época para recoller o mel. Xeralmente, a primeira parte úsase en sentido literal, pero tamén se pode usar en sentido figurado para indicar que sempre hai un momento apropiado para algo e convén ter paciencia e agardar ese momento; nese caso emprégase o refrán completo. *-Eu non sei de onde veñen estes tomates, que non saben a nada. -É que este non é tempo de tomates. O que queira mel, polo San Miguel; e o que queira abellas, polas candeas.*
120. **O traballo feito non corre présa:** *ref.* É mellor ir adiantando o traballo cando hai tempo que ter que facelo logo con apuro. *Xa sei que quedara de traerche os libros para a semana, pero, como o traballo feito non corre présa, xa chos traio hoxe. #prisa*
121. **Onde non vexas burro / corpo, non poñas carga; onde vexas orellas, dálle cebada:** *ref.* Non se lle pode encargar a alguén un traballo que se ve que non vai poder facer. *A culpa foi túa por pedirlle a el que cho arranxase. Onde non vexas burro, non poñas carga...*
122. **Ovella que berra, bocado que perde:** *ref.* Dise cando alguén perde a oportunidade de facer algunha cousa por estar falando e non prestar atención. *-Eh! Que eu tamén quería outro viño. -Pois estiveras atenta cando preguntaron; ovella que berra, bocado que perde.*
123. **Puxécheste detrás da silveira e pasouche a sementeira:** *ref.* Dise cando alguén perde a oportunidade de facer algunha cousa por non estar atento. *-Xa se me coou outro, pero que pasa? Non me ven, ou que? -Pois agora tes que esperar que volva cambiar o semáforo, puxécheste detrás da silveira e pasouche a sementeira.*
124. **Tanto ben lle fai o demo a súa nai que lle quita os ollos:** *ref.* Ás veces, por querer facer ben, acábase facendo mal. *Fixenlle tantos remedios á planta para quitarlle o pulgón, que me acabou secando. Ás veces, tanto ben lle fai o demo a súa nai, que lle quita os ollos.*
125. **Tanto ten Xan coma seu irmán:** *ref.* Expresión para manifestar a inutilidade de elixir entre varias opcións, cando todas se consideran igual de malas. *Eu non vou votar a ninguén, que son todos iguais, tanto ten Xan coma seu irmán.*
126. **Tras de maio vén San Xoán:** *ref.* Úsase para expresar que todo muda e pode pasarse de estar nunha boa situación a que esta empeore, ou ao contrario. *Si, el tivo que pechar a tenda porque non tiña clientes, pero ti non fales moito, que tras de maio vén San Xoán.*
127. **Vale máis o que o sol / a seca deixa que o que a auga cría:** *ref.* Úsase como resposta cando alguén se queixa porque non chove, pois, aínda que a chuvia é necesaria para obter unha boa colleita; se chove moito no verán, pérdense os froitos; en cambio, coa seca, aínda que algúns se perdan, os que se logran son mellores. *-Este verán veu moi seco, non sei se apañarei tomate ningún. -Non ha ter dúbida, vale máis o que a seca deixa que o que a auga cría. #agua*